

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Estándares de aprendizaxe avaliábeis que forman parte dos perfís competenciais de TIC 4º ESO.

Unidade 1: ORDENADORES E SISTEMAS OPERATIVOS

Presentación

A nosa sociedade é a sociedade da información e cada día aparecen novos dispositivos ou aplicacións que nos facilitan unha determinada tarefa. Resulta imposible abarcar todas as ferramentas e dispositivos nun proceso de ensinanza-aprendizaxe pero si é viable dotar aos alumnos da capacidade para adaptarse, ferramentas de autoaprendizaxe e actitudes abertas ante as innovacións que producen as novas Tecnoloxías.

Nunha primeira parte da unidade estudamos en profundidade o hardware dun ordenador persoal, o que dotará aos alumnos para recoñecer e explicar as características de distintos compoñentes como a placa base, a memoria, o microprocesador ou os distintos periféricos. Incorporáronse numerosos elementos gráficos que contribúen á correcta identificación dos dispositivos de hardware do equipo así como táboas que enuncian como evolucionaron as súas características de procesamento e velocidade. Un pequeno apartado, pero de vital importancia, é o coñecemento da estrutura dun disco duro, tanto no seu compoñente físico como no seu compoñente lóxico. Os alumnos deben adquirir a capacidade para formatar e instalar un Sistema Operativo polo que é indispensable que recoñezan as particións dun disco duro e os sistemas de arquivos que poden utilizar con cada SO.

O segundo gran apartado da unidade está dedicado aos sistemas operativos. Comezamos explicando as funcións dun SO e os distintos tipos e clasificacións existentes. Tras un breve

punto dedicado á consola de comandos e ás principais instrucións pásase directamente a explicar detalladamente o proceso de instalación dun SO desde cero. É moi recomendable afondar neste contido estudando os tutoriais que acompañan ao texto sobre a instalación de Linux Ubuntu e das distintas versións actuais de Windows. Tras estudar a instalación explicamos as principais funcións destes SO e podemos destacar a importancia da actualización do texto xa que incorpora a explicación das funcións máis novidasas dos últimos SO aparecidos na data de edición: Windows 10 e Ubuntu 10.15.

A última sección da unidade enfócase na instalación e desinstalación de software de terceiros, as ferramentas de accesibilidade que teñen os distintos SO e como solucionar os problemas máis comúns tras a instalación dun SO.

Remata a unidade dedicando un punto á virtualización dos SO xa que as últimas tendencias nas empresas (que é o que se van a atopar os nosos alumnos no seu mundo laboral) enfócanse nos sistemas operativos compartidos desde un servidor local ou desde a propia Rede de Internet.

Obxectivos

1. Recoñecer os principais compoñentes dun ordenador comprendendo as características de funcionamento que os definen así como o seu correcto conxionado.
2. Instalar un Sistema Operativo resolvendo problemas de funcionamento de dispositivos periféricos.
3. Instalar e desinstalar correctamente software de terceiros de propósito xeral.
4. Respetar a propiedade intelectual e saber diferenciar que programas poden ser instalados e distribuídos libremente ou están suxeitos a distribución comercial.
5. Coñecer as ferramentas de accesibilidade que os SO poñen a disposición dos usuarios.
6. Diferenciar e explicar adecuadamente a instalación de Sistemas Operativos en máquinas virtuais e a súa aplicación nos entornos de traballo virtualizados.

Programación da unidade

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Competencias clave
EQUIPOS INFORMÁTICOS. COMPOÑENTES BÁSICOS DUN	1. Utilizar e configurar equipos informáticos, identificando os elementos que os configuran e o seu funcionamento no conxunto.	1.1. Realiza operacións básicas de almacenamento.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE
		1.2. Identifica os elementos de arquitectura básicos dos equipos informáticos.	

<p>ORDENADOR. INTERCONEXIÓN E CARACTERÍSTICAS.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Placa base. 2. Microprocesador. 3. Memoria RAM. 4. Disco duro. 5. Periféricos. 	<ol style="list-style-type: none"> 2. Coñecer a arquitectura dun ordenador, identificando os seus compoñentes básicos e describindo as súas características. 	<ol style="list-style-type: none"> 2.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun ordenador, as súas características técnicas e o seu conxicionado. 	<p>CCL CMCCT CD CAA</p>
<p>SISTEMAS OPERATIVOS. TIPOS E FUNCÍONS.</p> <ol style="list-style-type: none"> 6. Tipos de sistemas operativos. 7. Principais funcións. 8. Intérprete de comandos. 9. Instalación dun Sistema Operativo. 	<ol style="list-style-type: none"> 3. Coñecer o funcionamento básico dun Sistema Operativo. 	<ol style="list-style-type: none"> 3.1. Diferencia os distintos tipos de SO e as súas principais funcións. 	<p>CCL CMCCT CD CAA CSC</p>
<p>WINDOWS. ENTORNO DE TRABALO E PRINCIPAIS UTILIDADES.</p> <ol style="list-style-type: none"> 10. Interface gráfica 11. Ferramentas 12. Panel de control 13. Utilidades <p>LINUX. ENTORNO DE TRABALO E PRINCIPAIS UTILIDADES.</p> <ol style="list-style-type: none"> 14. Interface gráfica. 15. Configuración. 16. Outras utilidades do sistema. 	<ol style="list-style-type: none"> 4. Xestionar a configuración de distintos aspectos dos principais sistemas operativos. 	<ol style="list-style-type: none"> 4.1. Recoñece os elementos da interface gráfica de Windows. 4.2. Administra con responsabilidade un entorno de traballo Windows manexando ferramentas, utilidades e a configuración do sistema. 4.3. Recoñece os elementos da interface gráfica de Linux. 4.4. Administra con responsabilidade un entorno de traballo Linux manexando ferramentas, utilidades e a configuración do sistema. 	<p>CCL CD CCEC</p> <p>CMC CT CD</p>
<p>INSTALACIÓN E DESINSTALACIÓN DE SOFTWARE DE PROPÓSITO XERAL.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 5. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral. 	<ol style="list-style-type: none"> 5.1. Leva a cabo instalación de software propósito xeral resolvendo os problemas durante a súa instalación. 5.2. Procede adecuadamente na desinstalación de programas. 	<p>CD CMCCT CAA</p>

FERRAMENTAS DE ACCESIBILIDADE.	6. Xestionar a configuración de aspectos de accesibilidade nos principais sistemas operativos.	6.1. Configura elementos básicos de accesibilidade do SO nos equipos informáticos.	CD CMCCT CAA CSC
SOLUCIÓN DE PROBLEMAS DE INSTALACIÓN DO SO.	7. Coñecer os principais pasos de instalación de SO e resolver os problemas durante este proceso.	7.1. Resolve problemas vinculados á instalación dun SO e aos programas e aplicacións instaladas.	CCL CD CAA
SISTEMAS OPERATIVOS VIRTUAIS.	8. Coñecer distintos soportes para un sistema operativo para un equipo informático conectado á Rede.	8.1. Describe as diferentes formas de instalación dun SO de forma non local.	CCL CD CMCCT CAA

Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

Rúbrica de estándares de aprendizaxe

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Excelente 3	Satisfactorio 2	En proceso 1	Non logrado 0	Puntos
1.1. Realiza operacións básicas de almacenamento e organización da información.	Realiza unha investigación física dos compoñentes dun ordenador, diferencia os elementos fundamentais e expresa adecuadamente aspecto e características	Realiza unha investigación física dos compoñentes dun ordenador e diferencia os elementos fundamentais	Realiza unha investigación física dos compoñentes dun ordenador anotando os elementos que distingue	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde	
1.2. Identifica os elementos de arquitectura básicos dos equipos informáticos.					

2.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun ordenador, as súas características técnicas e o seu conexionado.	Debuxa e diferencia correctamente os portos e conexións dun ordenador, Clasifica correctamente os periféricos dun equipo	Debuxa e diferencia correctamente os portos e conexións dun ordenador	Debuxa correctamente os portos do ordenador	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde	
3.1. Diferencia os distintos tipos de SO e as súas principais funcións.	Analiza datos, explica con coherencia as funcións dun SO e diferencia os distintos tipos de SO por dispositivo. Localiza as diferentes distribucións Linux das administracións	Analiza datos, diferencia os distintos tipos de SO por dispositivo e localiza as diferentes distribucións Linux das administracións	Diferencia os distintos tipos de SO por dispositivo	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde	
3.2. Utiliza de forma básica a consola ou intérprete de comandos dun SO	Manexa con soltura o intérprete de comandos sen erros	Manexa o intérprete de comandos con erros mínimo e reintent a actividade ante un erro	Manexa o intérprete de comandos con erros e non chega ao resultado final	Non intenta realizar a actividade ou a abandona ao primeiro erro	
4.1. Recoñece os elementos da interface gráfica de Windows.	Manexa con soltura a configuración de Windows e expón correctamente as distintas zonas do entorno gráfico así como o manexo do asistente Cortana. Instala sen problemas o SO	Manexa a configuración de Windows e expón correctamente as distintas zonas do entorno gráfico así como o manexo do asistente Cortana	Manexa a configuración de Windows	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde	
4.2. Administra con responsabilidade un entorno de traballo Windows manexando ferramentas, utilidades e a configuración do sistema.					
4.3. Recoñece os elementos da interface gráfica de Linux.	Manexa con soltura a configuración de Linux e expón correctamente as distintas zonas da fiestra de configuración. Instala o SO sen problemas	Manexa a configuración de Linux. Instala sen problemas o SO	Manexa a configuración de Linux	Non intenta realizar a actividade ou a abandona ao primeiro erro	

4.4. Administra con responsabilidade un entorno de traballo Linux manexando ferramentas, utilidades e a configuración do sistema.					
5.1. Leva a cabo instalación de software propósito xeral resolvendo os problemas durante a súa instalación.	Localiza drivers na rede. Instala e desinstala correctamente drivers e software xenérico de funcionamento	Instala correctamente drivers e software xenérico de funcionamento	Instala drivers correctamente	Non intenta realizar a actividade ou a abandona ao primeiro erro	
5.2. Procede adecuadamente na desinstalación de programas.					
6.1. Configura elementos básicos de accesibilidade do SO nos equipos informáticos.	Enuncia e executa distintas utilidades de accesibilidade no SO	Enuncia distintas utilidades de accesibilidade no SO	Enuncia algunha utilidade de accesibilidade no SO	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde	
7.1. Resolve problemas vinculados á instalación dun SO e aos programas e aplicacións instaladas.	Reinstala correctamente un SO, instala software de funcionamento básico e comproba o correcto funcionamento de todos os dispositivos.	Reinstala correctamente un SO e instala software de funcionamento básico	Instala software de funcionamento básico	Non intenta realizar a actividade ou a abandona ao primeiro erro	
8.1. Describe as diferentes formas de instalación dun SO de forma non local.	Enuncia e executa diversas formas de instalación dun SO mediante un DAAS gratuíto ou Virtualbox local. Enuncia distintos servizos de Web OS	Enuncia diversas formas de instalación dun SO. Enuncia distintos servizos de Web OS	Enuncia distintos servizos de Web OS	Responde de maneira totalmente errónea ou non responde	

Unidade 2: REDES INFORMÁTICAS E A SÚA SEGURIDADE

Presentación

Cada día aparecen novos dispositivos tecnolóxicos que nos permiten realizar novas tarefas pero que como elemento común teñen a capacidade de estar conectados a Internet polo que os usuarios de todos estes dispositivos ten na actualidade hiperconectividade á Rede. O estudo desta unidade abarcará os conceptos teóricos simples que permiten a conexión dos dispositivos e afondará nas ameazas que existen por esta conectividade.

Nunha primeira parte da unidade estudamos en profundidade o hardware e os protocolos de comunicación dunha Rede tanto sen fíos como con fíos. Estudaremos os dispositivos que interveñen nunha conexión. Dedicaremos no apartado de conexións sen fíos unha explicación especial á seguridade e encriptación dos contrasinais wi-fi.

Na segunda parte, aprenderemos a configurar os nosos dispositivos para que a conexión funcione adecuadamente e tamén estudaremos a configuración nos sistemas operativos Windows, Linux e Android.

A terceira parte da unidade está dedicada a analizar os riscos existentes por estar conectados á rede. Desde o malware ata as técnicas de fraude máis utilizadas serán expostas aos nosos alumnos para que teñan ferramentas e capacidades para evitar a acción do malware e o sentido común para evitar os enganos con técnicas de enxeñería social. Tras o estudo dos riscos explicaremos as principais utilidades existentes para loitar contra eles e abordaremos unha serie de consellos para mellorar a nosa seguridade.

Obxectivos

7. Recoñecer os principais compoñentes dunha Rede informática e realizar correctamente unha configuración básica.
8. Respectar as distintas técnicas e medidas de seguridade activa e pasiva no uso dos medios tecnolóxicos.
9. Fomentar o uso compartido de recursos na mesma Rede ou mediante acceso remoto a ordenadores.
10. Recoñecer as ameazas silenciosas e seleccionar as ferramentas indicadas para loitar contra o malware informático e contra as técnicas de fraude na Rede.

Programación da unidade

Contido	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias clave
REDES. DEFINICIÓN E TIPOS. 17. Tipos de redes	1. Analizar os elementos e sistemas que configuran a comunicación sen fíos e con fíos.	1.1. Describe as diferentes formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	CCL CMCCT CD
ELEMENTOS FÍSICOS DUNHA REDE DE CONEXIÓN CON FÍOS E SEN FÍOS.	2. Coñecer os distintos elementos físicos dunha rede.	2.1. Diferencia os distintos elementos que forman parte dunha conexión de Rede con fíos ou sen fíos.	CCL CMCCT CD CAA
CONFIGURACIÓN BÁSICA DE REDE. 18. Windows 19. Linux CONFIGURACIÓN BÁSICA DE REDE SEN FÍOS.	3. Xestionar e configurar os parámetros dunha conexión de rede.	3.1. Analiza e coñece as características deconexionado dous distintos elementos dunha Rede e a súa configuración.	CCL CMCCT CD CAA CSC
COMPARTIR RECURSOS EN REDE. REDES PRIVADAS VIRTUAIS (VPN). CONTROL REMOTO DE ORDENADORES.	4. Utilizar software de comunicación entre equipos e sistemas.	4.1. Describe distintos métodos de comunicación entre dispositivos. 4.2. Administra o equipo con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
SEGURIDADE INFORMÁTICA. 20. Seguridade activa e pasiva 21. Malware e ameazas silenciosas 22. Software de seguridade informática 23. Seguridade na Rede	5. Adoptar condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	5.1. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. 5.2. Describe a importancia da actualización do software, o emprego de antivirus e de barreira de control para garantir a seguridade	CCL CMCCT CD CAA CSC

Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

Rúbrica de estándares de aprendizaxe

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Excelente 3	Satisfactorio 2	En proceso 1	Non logrado 0	Puntos
1.1. Describe as diferentes formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	Clasifica correctamente as redes e argumenta as súas respostas ampliando información.	Clasifica correctamente as redes e argumenta as súas respostas.	Clasifica correctamente as redes.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
2.1. Diferencia os distintos elementos que forman parte dunha conexión de Rede con fíos ou sen fíos.	Busca información e elabora as súas respostas de forma clara e metódica. Recoñece os diferentes medios de conexión.	Busca información e elabora as súas respostas. Diferencia distintos tipos de elementos da conexión.	Responde de forma clara sen ampliar información.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
3.1. Analiza e coñece as características de conexión dos distintos elementos dunha Rede e a súa configuración.	Comprende os parámetros de configuración de redes, argumenta correctamente as súas decisións e ordena adecuadamente os controis de seguridade sen fíos.	Comprende os parámetros de configuración de redes e ordena adecuadamente os controis de seguridade sen fíos.	Comprende os parámetros de configuración de redes.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
4.1. Describe distintos métodos de comunicación entre dispositivos.	Analiza datos, explica con coherencia o proceso para compartir recursos na Rede e completa o seu traballo cunha boa xestión de reunións on line.	Comparte arquivos de forma correcta e participa en reunións on line.	Realiza o proceso de compartir arquivos e intenta participar en reunións on line con distintos problemas técnicos.	Non realiza o proceso ou actividade.	
4.2. Administra o equipo con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.					
5.1. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	Identifica correctamente os distintos tipos de ameazas silenciosas e pon en práctica medidas de seguridade activa e pasiva.	Identifica algunhas ameazas silenciosas e pon en práctica medidas de seguridade activa e pasiva.	Identifica algunhas ameazas silenciosas e manexa algunha ferramenta anti-malware.	Non realiza o proceso ou actividade.	
5.2. Describe a importancia da actualización do software, o emprego de antivirus e de barreira de control para garantir a seguridade.					

Unidade 3: ÉTICA E ESTÉTICA

NA REDE

Presentación

Os alumnos viven rodeados de Tecnoloxía, todos eles utilizan Internet a diario, publican contidos nas redes sociais e acceden a estes medios con distintos dispositivos, pero dentro desta avalancha de información debemos encontrar o espazo para a formación no bo uso da Tecnoloxía e a educación por un uso responsable. É necesario dotar ao alumno da información e formación suficiente para tomar decisións de uso responsable, libre e racional nunha sociedade de consumo tecnolóxico desbordante. O estudo desta unidade “Ética e estética na Rede” podemos consideralo como un dos máis importantes do currículo da materia posto que moitos contidos dos estudados lle darán recursos suficientes para facer un uso responsable da TIC e farán que o profesor pase a ser un intermediario ou guía no proceso de autoformación do alumno.

Faremos un recorrido pola sociedade da información, unha formación de sensibilización sobre a importancia da reputación persoal en Internet e como debemos protexer a nosa intimidade, así como as normas básicas de respecto aos usuarios nas plataformas sociais nas que interviremos. Debemos concienciar aos alumnos da existencia de fraude na Rede e para iso abordamos un interesante punto sobre as distintas técnicas de enxeñería social que utilizan os delincuentes cibernéticos e estar así previstos na nosa actividade na Rede. Por último, explicamos os distintos tipos de licenzas de software e de contidos dixitais para despois amosarlles un innumerable banco de recursos multimedia que poden utilizar para obter contidos legais e para publicar as súas propias creacións.

Obxectivos

11. Valorar os beneficios da sociedade da información e saber contrapoñelos cos perigos dun mal uso das novas Tecnoloxías.
12. Utilizar políticas de seguridade no uso dos seus contrasinais, velar por coidar a propia imaxe persoal e ser cauteloso á hora de expoñer a privacidade en entornas tecnolóxicos.
13. Protexer os datos persoais e actuar con precaución para evitar as numerosas posibilidades de fraude na Rede.
14. Respetar a propiedade intelectual e saber diferenciar que contidos poden ser utilizados nas producións. De igual modo utilizar servizos multimedia libres para acceder a contidos culturais e para publicar as propias creacións.
15. Fomentar o uso de software legal baixo as distintas licenzas.

Programación da unidade

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
SOCIEDADE DA INFORMACIÓN. 24. Uso de Internet no mundo 25. Uso de Internet en España	1. Coñecer a importancia das novas Tecnoloxías na sociedade da información.	1.1. Identifica os factores que inflúen na brecha dixital.	CCL CMCCT CSC
		1.2. Explica correctamente as estatísticas de uso de Internet no mundo e en España.	CMCCT CCL
MARCA PERSOAL E REPUTACIÓN ON LINE PROTECCIÓN DA INTIMIDADE. 26. Consellos de privacidade 27. Suplantación de identidade	2. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na Rede.	2.1. Interactúa con hábitos adecuados en entornas virtuais.	CD CSC CAA
		2.2. Recoñece a importancia da reputación on line e o respecto na Rede.	CSC CAA CCL
CONTRASINAIS SEGUROS		2.3. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	CMCCT CD
IDENTIDADE DIXITAL E FRAUDE. 28. Certificado dixital 29. Sinatura dixital 30. DNI electrónico 31. Fraude na Rede	3. Valorar e comprender a transcendencia da identidade dixital e a cautela contra o fraude.	3.1. Identifica os elementos que conforman a identidade dixital oficial.	CCL CSC CD CSIEE
		3.2. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	CSC CCL CAA CD
PROPIEDADE E INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN. 32. Tipos de licenzas de software 33. Contidos dixitais	4. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	4.1. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autor e materiais de libre distribución.	CAA CD CCL CSC
ACCESO A RECURSOS NA REDE. 34. Servizos de lecer 35. Bancos de imaxes 36. Música 37. Vídeo 38. Documentos na Rede	5. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	5.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	CCL CD CECC

Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

Rúbrica de estándares de aprendizaxe

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Excelente 3	Satisfactorio 2	En proceso 1	Non logrado 0	Puntos
1.1. Identifica os factores que inflúen na brecha dixital.	Realiza unha análise pormenorizada dos datos estatísticos e explícaos conceptos de maneira coherente e completa.	Amosa os datos sen a súa propia análise e explica os conceptos de maneira algo incompleta.	Amosa os datos sen explicar os conceptos.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
1.2. Explica correctamente as estatísticas de uso de Internet no mundo e en España.	Realiza unha análise pormenorizada dos datos estatísticos e explícaos conceptos de maneira coherente e completa.	Amosa os datos sen a súa propia análise e explica os conceptos de maneira algo incompleta.	Amosa os datos sen explicar os conceptos.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
2.1. Interactúa con hábitos adecuados en entornas virtuais.	Realiza un estudo en profundidade sobre as boas prácticas na Rede e enuncia correctamente as que non cumpre con exemplos.	Enumera boas prácticas na Rede e delas marca as que non cumpre.	Enumera boas prácticas na Rede.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
2.2. Recoñece a importancia da reputación on line e o respecto na Rede.	Realiza unha valoración en profundidade sobre as boas prácticas na Rede e os resultados de privacidade encontrados.	Enumera os resultados do seu traballo sen afondar na análise.	Realiza listados pequenos e presenta traballos sen editar.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
2.3. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	Realiza correctamente todas as actividades e realiza investigacións profundas en Internet.	Realiza correctamente as actividades sen investigar en profundidade.	Responde parcialmente ás actividades.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
3.1. Identifica os elementos que conforman a identidade dixital oficial.	Expón con claridade o concepto, achegando bastantes exemplos válidos.	expón os conceptos de maneira algo incompleta, achegando poucos exemplos válidos.	Explica os conceptos con erros con achega escasa ou nula de exemplos válidos.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
3.2. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	Expón con claridade o concepto, achegando bastantes exemplos válidos.	expón os conceptos de maneira algo incompleta, achegando poucos exemplos válidos.	Explica os conceptos con erros con achega escasa ou nula de exemplos válidos.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
4.1. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autor e materiais de libre distribución.	Realiza un estudo en profundidade sobre os tipos de licenzas de materiais dixitais e localiza contidos libres na Rede.	Enumera os tipos de licenzas de materiais dixitais e comete erros ao localizar contidos libres na Rede.	Comete algúns erros diferenciando licenzas dixitais localiza parcialmente os recursos solicitados.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
5.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a	Realiza un estudo en profundidade sobre os tipos de licenzas de materiais	Enumera os tipos de licenzas de materiais dixitais	Comete algúns erros diferenciando	Responde de xeito totalmente	

propiedade e o intercambio de información.	dixitais e localiza contidos libres na Rede.	e comete erros ao localizar contidos libres na Rede.	licenzas dixitais localiza parcialmente os recursos solicitados.	erróneo ou non responde.
--	--	--	--	--------------------------

Unidade 4: PRODUCCIÓN OFIMÁTICA

Presentación

Un dos grandes mitos que existen coa informática e os seus estudantes é que os alumnos por ser dunha xeración dixital dominan todos os aspectos da informática. Cando abordamos aspectos como o manexo dos sistemas operativos ou o estudo de redes sociais si veremos uns maiores niveis de coñecementos previos nunha alta porcentaxe de alumnos. Cando falamos de produción dixital, xa sexa de producións multimedia como de documentos ofimáticos, os coñecementos previos non alcanzan as expectativas e debemos partir de niveis máis básicos. Consideramos esta unidade como unha das máis importantes da materia por ter un gran peso no futuro desenrolo profesional do alumno e como preparación a unha formación ofimática máis intensa.

Ao longo da unidade estudaranse os procesadores de texto, as follas de cálculo, as bases de datos e a creación de presentacións.

Un último e pequeno epígrafe final está dedicado ao mundo da ofimática na Rede con ferramentas como as que ofrece Google e as presentacións de Prezi.

Obxectivos

16. Coñecer e manexar con soltura ferramentas ofimáticas de escritorio para a creación de documentos de distintos tipos.
17. Respetar a propiedade intelectual e fomentar a creación propia de documentos ofimáticos.
18. Fomentar o traballo colaborativo en documentos ofimáticos obtendo o maior rendemento das ferramentas.
19. Recoñecer as distintas ferramentas na nube que nos permiten producir documentos ofimáticos.

Programación da unidade

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Competencias clave
PRODUCCIÓN OFIMÁTICA. O PROCESADOR DE TEXTOS. 39. Formato de documentos 40. Inserción de	1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos de texto e coñece e aplica a	1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño e interactúa con outras características do programa.	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE CCEC

<p>elementos no texto</p> <p>41. Táboas nun documento de texto</p> <p>42. Ferramentas do procesador de textos</p> <p>43. Finalización do traballo</p>	<p>terminoloxía e procesos básicos do procesador de textos.</p>	<p>1.2. Coñece e utiliza terminoloxía básica dos procesadores de texto.</p>	
<p>A FOLLA DE CÁLCULO.</p> <p>44. Elementos da folia de cálculo</p> <p>45. Operacións con celas. Funcións básicas</p> <p>46. Traballando con datos</p> <p>47. Gráficos</p>	<p>2. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de follas de cálculo e coñece e aplica a terminoloxía e procesos básicos da folia de cálculo.</p>	<p>2.1. Elabora e maqueta follas de cálculo con aplicacións informáticas e interactúa con outras características do programa.</p> <p>2.2. Coñece e utiliza terminoloxía básica das follas de cálculo.</p> <p>2.3. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo.</p>	<p>CMCCT CD CCEC</p>
<p>PRESENTACIÓNS.</p> <p>48. Deseño dunha presentación</p> <p>49. Traballo con modelos</p> <p>50. Realizar unha presentación</p> <p>51. Publicación dunha presentación</p>	<p>4. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de presentacións multimedia e coñece e aplica a terminoloxía e procesos básicos do programa de presentacións.</p>	<p>4.1. Elabora e maqueta presentacións con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, gráficos, así como outras posibilidades de deseño e interactúa con outras características do programa.</p> <p>4.2. Coñece e utiliza terminoloxía básica das presentacións.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE CCEC</p>
<p>OFIMÁTICA NA REDE.</p>	<p>5. Adoptar condutas de interese e innovación utilizando ferramentas ofimáticas na nube.</p>	<p>5.1. Elabora documentos ofimáticos sinxelos na rede.</p>	<p>CMCCT CD CAA CSC</p>

Comunicación lingüística (CCL); competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT); competencia dixital (CD); aprender a aprender (CAA); competencias sociais e cívicas (CSC); sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE); conciencia e expresións culturais (CCEC).

Rúbrica de estándares de aprendizaxe

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Excelente 3	Satisfactorio 2	En proceso 1	Non logrado 0	Puntos
1.1. Identifica procesos de obtención dos metais.	Explica de xeito axeitado os conceptos, achegando bastantes exemplos válidos.	Explica os conceptos de xeito algo incompleto, aínda que válido, achegando algúns poucos exemplos	Explica os conceptos con erros, con achega escasa ou nula de exemplos válidos.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	

		válidos.			
1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño e interactúa con outras características do programa.	Domina as ferramentas básicas de edición de textos para producir documentos atractivos e distingue os diferentes apartados de formato e deseño dun documento, páxinas, parágrafo ou carácter.	Manexa as ferramentas básicas de edición de textos e distingue os diferentes apartados de formato e deseño dun documento, páxinas, parágrafo ou carácter. Integra distintos elementos nun texto.	Manexa as ferramentas básicas de edición de textos.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
1.2. Coñece e utiliza terminoloxía básica dos procesadores de texto.	Integra distintos elementos nun texto.	Integra distintos elementos nun texto.			
2.1. Elabora e maqueta follas de cálculo con aplicacións informáticas e interactúa con outras características do programa.	Domina as ferramentas básicas de folla de cálculo, e distingue os diferentes compoñentes dun libro. Manexa distintos formatos de datos e opera correctamente con eles desde operadores básicos ata funcións predefinidas. Dá formato atractivo á folla e crea gráficos correctamente.	Manexa as ferramentas básicas de folla de cálculo, e distingue os diferentes compoñentes dun libro. Manexa distintos formatos de datos e opera correctamente con eles desde operadores básicos ata funcións predefinidas.	Manexa as ferramentas básicas de folla de cálculo. Manexa distintos formatos de datos e opera correctamente con eles.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
2.2. Coñece e utiliza terminoloxía básica das follas de cálculo.					
2.3. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo.					
4.1. Elabora e maqueta presentacións con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, gráficos, así como outras posibilidades de deseño e interactúa con outras características do programa.	Crea presentacións completas co formato adecuado, utilizando todo tipo de elementos multimedia e as ferramentas da aplicación como a animación e a interactividade.	Crea presentacións completas co formato adecuado, utilizando todo tipo de elementos multimedia.	Crea presentacións completas co formato adecuado.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	
4.2. Coñece e utiliza terminoloxía básica das presentacións.					
5.1. Elabora documentos ofimáticos sinxelos na Rede.	Publica e comparte para a súa edición documentos ofimáticos on line.	Publica e comparte documentos ofimáticos on line.	Publica documentos ofimáticos on line.	Responde de xeito totalmente erróneo ou non responde.	

Aquí rematan as clases presenciais.

2 Avaliación e cualificación.

Estamos pendentes de facer o exame da segunda avaliación, e de darlles unha oportunidade de recuperar a primeira avaliación, a os que aínda na recuperaran antes do 12 de Marzo.

Non podo decidir se os exames serán presenciais, ou de algúnha outra maneira, pois aínda non sei se o alumnado voltará as aulas, para poder examinarse, ou se me darán instrucións e medios, para poder examinalos de algún outro xeito cas debidas garantías de equidade e xusticia.

Unha vez se fagan estes exámes, a nota de final de curso será a media das notas da primeira e mais a segunda avaliación, sendo preciso para aprobar ter en cada unha delas un cinco ou mais de cinco, en calquera outro caso a cualificación será de insuficiente.

Na proba de setembro, examinaráselles sobre a materia explicada presencialmente na aula, que é a que se expuso no apartado primeiro.

No caso de que nun exame, algún intente cometer algún tipo de fraude, ben por coñecer previamente o exame, ou ben por copiar no mesmo, calquera que sexa o método para intentar copiar, poñeráselle un cero no exame, tanto a quen copia, como a quen lle facilita que copie.

Se o intento de fraude e na entrega de traballos, anularáselle a nota, e terán que facer outros similares.

Recibida información, o 13 de maio, do señor inspector, "**NON HABERÁ PROBAS PRESENCIAIS ESTE CURSO. DE PRODUCIRSE SERÍAN EN SETEMBRO, AÍNDA QUE TAMPOUCO É SEGURO.**" Anúlase a posibilidade de facer exames presenciais, e decídese que serán de tipo telefónico ou mediante video conferencia .

3 Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

No terceiro trimestre, estiveron mandando por correo electrónico, os traballos que quedaban pendentes, dibuxos feitos mediante o programa Libre Cad, e outros feitos co programa InkScape. Propúsenlles, por correo electrónico, uns novos traballos para facer mediante o programa Free Cad, eles e elas vanme mandando os traballos, e eu fágolles as correccións para que os volvan a mandar ben feitos, e se lles intenta axudar a os que consultan algunha duda. Todos os traballos que están facendo neste trimestre siven, primeiro e mais importante para que aprendan, e segundo para axudarlles a subir a nota, (dúas décimas por cada exercicio de free Cad ben feito).

4 Información e publicidade.

Unha vez remate esta reprogramación, informarei dela ao Señor Director, para que se lle parece ben, a publicite ou mande publicitar como considere oportuno.

En Bergondo a 13 de Maio de 2020.

O xefe de departamento

Asdo.: J. Joaquín Piñeiro Esperante.